

DOMINGO XXVII DEL TIEMPO ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Hab 1, 2-3; 2, 2-4

Lectura do libro de Habacuc

¿Ata que día, Señor, hei de estar pedindo auxilio, sen que ti fagas caso? ¿Ata que día clamarei cara a ti: "Violencia", sen que salves? ¿Por que me fas ve-la iniquidade e me fas contempla-lo crime? Rapina e violencia diante de min: hai rifas e suscítase a disputa.

Respondeume o Señor e díxome: -Escribe a visión e grávaa en taboíñas, para que se lea de corrido, pois aínda volverá ser unha visión no seu momento, falará da fin e non mentirá. Se tarda, espéraa, pois virá e non demorará. Velaquí: o temerario faise forte, o seu alento camiña con el, pero o xusto vivirá pola súa fe.

SALMO RESPONSORIAL Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9

Vinde, cantémoslle ó Señor,
aclamémo-la nosa rocha salvadora;
acheguémonos á súa presenza dándolle gracias,
aclamémolo con cancións.

Vinde, adorémolo prostrados,
axeonllémonos diante do Señor, que nos creou,
pois el é o noso Deus,
e nós sómo-lo seu pobo, o rabaño que el guía.

Oxalá escoitedes hoxe a súa voz:
non endurezáde-los vosos corazóns, coma en Meribah,
coma o día de Masah, no deserto,
onde os vosos pais me tentaron:
provocáronme, por máis que tiñan visto os meus feitos.

SEGUNDA LECTURA 2 Tim 1, 6-8. 13-14

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo a Timoteo

Benquerido irmán: Recórdoche que reavíve-lo don de Deus, que tes recibido pola imposición das miñas mans. Porque Deus non nos deu un espírito feble senón forte, agarimoso e sobrio. Non teñas vergonza de noso Señor, nin de min, preso por el; ó contrario, comparte comigo os sufrimentos polo Evanxeo, contando co poder de Deus.

Mantén como modelo, na fe e no amor de Cristo Xesús, as ben fundadas palabras que me escoitaches. E garda o precioso depósito por medio do Espírito Santo, que mora en nós.

EVANXEO Lc 17, 5-10

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, rogáronlle os apóstolos ó Señor: - ¡Auméntano-la fe! O Señor respondeulles: - Se tivesedes polo menos unha fe coma un gran de mostaza, diríadeslle a esta moreira: "Arríncate e plántate no mar", e seguro que vos obedecía.

E ¿quen de vós que teña un criado arando ou pastoreando, lle di cando chega da veiga: "Entra axiña e ponte á mesa". ¿Non lle dirá máis ben: "Prepara a cea, viste a roupa de traballo e ponme a comida; e cando eu remate de comer e beber, comerás e beberás ti?" ¿Ou é que aínda lle vai ter que estar agradecido ó criado por face-lo que lle manda? Así tamén vós, cando fagades todo o que se vos mande, dicide: "Somos simples servidores: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer".